

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON1110HH	<i>Expediente</i> CON/3/2017	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de operación e mantemento da infraestrutura de servidores do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 93.990,62 euros/ano máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 25 de abril de 2017, ás 9:22 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vogais: Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muíños representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela representante do grupo BNG.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	18/04/2017	16.661	A15456585 - ALTÍA CONSULTORES, S.A.
2	20/04/2017	17.147	A81356313- UNITRONICS COMUNICACIONES S.A. (*)

*Proposición recibida por correo

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación a Mesa de Contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adjudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos resultando que todos eles aportan a documentación requirida polo prego.

A mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios NON avaliados mediante cifras.

Ás 9:25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON110HH	<i>Expediente</i> CON/3/2017	

15078DCON110HH3



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de operación e mantemento da infraestrutura de servidores do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 93.990,62 euros/ano máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 8 de xuño de 2017, ás 9:55 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vogais: Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela representante do grupo BNG.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
Dna. María Luisa Prego de Oliver López, en representación da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A Mesa de Contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adjudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes no que se dá conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto ós presentes na reunión. Este informe acompáñase á presente acta.

En consecuencia, e de conformidade con él, a mesa acorda excluir da licitación a oferta presentada pola empresa ALTIA CONSULTORES SA por incumplir os requirimentos do prego técnico de aplicación, que, ó definir o equipo de traballo, esixe que, para o servizo DBA éste, no seu conxunto, conte coas certificacións de fabricante OGA, OCP e OCE, cando o licitador manifesta expresamente na súa oferta que conta unicamente coa certificación OCE.

Ás 10:18 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA



O SECRETARIO DA MESA

Exp. CON/3/2017

ASUNTO: AVALIACIÓN DAS OFERTAS PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE OPERACIÓN E MANTEMENTO DA INFRAESTRUTURA DE SERVIDORES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (PROPOSICIÓN RELATIVA A CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CRIFRAS OU PORCENTAXES).

1. INTRODUCCIÓN

As ofertas recibidas para avaliación son as presentadas polas empresas ALTIA e UNITRONICS.

Os criterios establecidos no prego como non avaliáveis mediante cifras ou porcentaxes son os que se indican de seguido:

- A.1. Características técnicas e plan de traballo (Ata 20 puntos)

Neste apartado valoraranse a oferta que ofrezca mellores características técnicas e un mellor plan de traballo para a operación e mantemento que garanta o óptimo funcionamento da infraestrutura de servidores, a mellora na organización e cumprimento de estándares, a melloras de acordo a nivel de servizo, e a mellora nos protocolos e ferramentas de xestión e na posta a disposición de información de xestión para o Concello.

- A.2. Equipo de traballo adscrito directamente á execución do contrato (Ata 20 puntos)

Neste apartado valorarase o equipo de persoas ofertado polo licitador, atendendo á súa composición, titulación académica, experiencia en traballos similares, certificacións de fabricantes de equipamento de referencia, formación e coñecementos específicos no ámbito do proxecto, e demais aspectos relevantes para a execución dos traballos contratados. É necesario indicar a porcentaxe de dedicación ao proxecto de tal xeito que quede reflectido quen forma parte do equipo habitual e para quen se prevé unha participación puntual.

- A.3. Control e seguimento dos traballos (Ata 5 puntos).

Neste apartado teranse en conta ferramentas, métodos e técnicas relativas ao seguimento e control do proxecto ou contrato no seu conxunto.

2. CONSIDERACIÓNS PREVIAS

No apartado EQUIPO DE TRABAJO do prego técnico establécese a seguinte esixencia:

No seu conxunto, o equipo de traballo contará con certificacións de fabricante:

- a) *Certificacións de HP, ORACLE, VMWARE (CP 5), CITRIX e MICROSOFT. O técnico coordinador deberá contar con cando menos cunha delas.*
- b) *Para o servizo de DBA contarase coa presenza de cada unha das seguintes certificacións: OCA (Oracle CertifiedAssociate), OCP (Oracle Certified Professional) e OCE (Oracle CertifiedExpert).*

Con respecto a este punto, detéctanse a seguintes incidencias na oferta pola empresa ALTIA:

O equipo de traballo descríbese no apartado "3. Equipo de traballo" (páxinas 17 a 21). Nesta última páxina inclúese unha táboa coa composición do equipo incluíndo titulación, experiencia, coñecementos e certificacións.

No que respecta ao perfil de administrador de bases de datos (DBA), declara unicamente a certificación OCE, en contra do establecido no punto b), que exige a presenza das tres certificacións (OCA, OCP, OCE).

Por este motivo, asúmese neste informe que na oferta presentada por ALTIA incúmrese unha esixencia do prego, polo que a única oferta avaliada é a presentada pola empresa UNITRONICS.

A avaliación que se realiza axústase ao feito de que se analiza unha única oferta. Todos os elementos da avaliación, incluídos dos aspectos técnicos tidos en conta, os apartados establecidos para cada criterio e os seus pesos relativos, así coma as puntuacións outorgadas, poderían variar no caso de ter que analizar varias ofertas, co obxecto de reflectir axeitadamente as diferencias.

3. ANÁLISE DAS OFERTAS

3.1. Criterio A1. Características técnicas e plan de traballo (ata 20 puntos)

3.1.1. Características técnicas xerais (ata 8 puntos)

Valóranse neste apartado as características técnicas da oferta e o plan de traballo, tendo en conta todos os aspectos para os que non se reserve un apartado específico.

A valoración nese punto faise en base á descrición dos servizos ofertados, que son estándar de mercado, e non sobre o coñecemento concreto que poida ter o licitador sobre a rede de datos municipal, que en todo caso se describe en detalle no prego.

Oferta de Unitronics

A oferta inclúe o compromiso de acatar o contido do prego.

Ademais, presenta unha descrición moi detallada do servizo ofrecido, desenvolvendo amplamente todos os apartados máis alá do establecido no propio prego técnico. Neste senso, amosa amplo coñecemento sobre o obxecto do contrato e solvencia para levar a cabo o plan de traballo.

Describe un modelo estándar de servizos xestionados no que se inclúen servizos coma: monitorización, operación de incidencias e peticións, administración e xestión de cambios ou cadros de mando. Conta con dous centros de servizos xestionados e outros recursos técnicos. Se ben establece unha proposta operativa concreta, ofrece flexibilidade para a adaptación ás necesidades específicas do Concello de Santiago.

Inclúe unha descrición de cada un dos módulos de xestión considerados indispensables para a correcta prestación do servizo: modelo de goberno IT, mellora continua, xestión técnica, xestión do cambio, xestión de incidencias ou problemas, xestión documental, xestión de formación e desenvolvemento, e *reporting* do servizo.

O documento inclúe unha descrición do alcance da proposta, que aparece estruturada en tres fases de servizo: transición e posta en marcha (1 mes), execución e devolución. Tamén se diferencia o tratamento dos servizos de operación e de mantemento.

Aínda que englobada dentro do servizo xeral de operación e mantemento, describe de xeito específico o servizo de administración e mantemento de bases de datos Oracle, no que fai un resumo das actividades cuberta polo servizo e se propón un modelo iterativo de análise de rendemento das instancias.

Neses punto destaca o feito de que, se ben o prego establecía como requisito mínimo unha bolsa de 200 horas para a administración e mantemento das bases de datos, a oferta non utiliza este modelo para a descrición do seu servizo, e polo tanto non establece un máximo neste apartado.

No que respecta aos parámetros de nivel de servizo (SLA) axústase ao establecido no prego. Ofrece a asignación de recursos doutros proxectos se é necesario para garantir en todo o momento o seu cumprimento.

Ponse a disposición do concello un servizo 24 horas para rexistro de incidencias ou problemas mediante teléfono, correo electrónico ou *ticketing*.

inclúe un plan de formación para os técnicos en base aos obxectivos definidos, cun mínimo de 20 horas anuais.

No que respecta a outros apartados do alcance do prego, como é o caso da renovación de licenzas e servizos de mantemento oficiais, cumpre co establecido no prego. Asume os traslados do equipamento avariado ás dependencias do fabricante, o seguimento da reparación e posterior reinstalación *in-situ* con plena operatividade no caso de substitución, e o escalado de casos ao fabricante do tratamento dos mesmos.

O provedor confirma ser *partner* dos provedores involucrados na infraestrutura de servidores.

Reciba e máxima puntuación neste apartado.

UNITRONICS

8

Características técnicas xerais

3.1.2. Metodoloxía (ata 4 puntos)

Valórase neste apartado a mención a metodoloxías estándares de mercado e o nivel metodolóxico na prestación do servizo que reflicte a oferta.

Oferta de Unitronics

Detallan unha metodoloxía baseada nas mellores prácticas tomando como referencia ITIL v3, PMP e PMBOK. Ademais, todo o documento reflicte un elevado nivel metodolóxico na prestación do servizo.

Menciona neste aspecto que conta con persoal técnico certificado en ITIL e PMP.

Indica que dispón de certificacións de calidade ISO e de metodoloxías ITIL, PMP ou PMBOK. Fai mención a un anexo II na documentación que, sen embargo, non se ten localizado.

Ademais, ofrece a posibilidade de modificar as metodoloxías propostas se o Concello o considera conveniente, co obxecto de mellorar a calidade do servizo.

Reciba e máxima puntuación neste apartado.

UNITRONICS

4

Metodoloxía

3.1.3. Ferramentas informáticas de xestión (ata 6 puntos)

Valórase neste apartado a descrición das ferramentas informáticas que se utilizarán para a prestación do servizo, e que son fundamentais para garantir a correcta prestación do servizo.

Oferta de Unitronics

A oferta inclúe para a prestación do servizo:

- Ferramentas de monitorización e de xestión de incidencias e peticións. A recollida de datos realízase instalando na infraestrutura de servidores unha serie de axentes software (sondas) que envían a información de xeito seguro aos dous centros de monitorización remota (CGS).
- Unha aplicación propia denominada *Cadro de mando de Unitronics (CMU)* que se integra coas anteriores. Trátase dunha ferramenta en formato web accesible desde calquera dispositivo. Ofrece información en tempo real coma: indicadores de capacidade, de dispoñibilidade, de estado, de xestión de SLA, de xestión de incidencias e cambios, unha base de datos de xestión de configuración (CMDB) actualizada, resumo dos 10 factures principais, cálculo dinámico de KPI personalizados.

Recibe a máxima puntuación posto que a oferta permite deducir que estas ferramentas dan soporte suficiente para a correcta prestación do servizo e o seguimento axeitado da infraestrutura de servidores.

Reciba e máxima puntuación neste apartado.

UNITRONICS

6

Ferramentas informáticas de xestión

3.1.4. Transferencia tecnolóxica (ata 2 puntos)

Valórase neste apartado os aspectos que poden facilitar a reversibilidade do servizo ao remate do contrato.

Oferta de Unitronics

Describe unha fase de devolución na que se nomeará un xestor de transición, que traballará co coordinador técnico do proxecto e o resto dos recursos necesarios. Establece unha duración similar á da fase de transición inicial. Levarase a cabo a entrega de documentación e realizaranse sesións de capacitación, co obxecto de que a devolución sexa teórica e práctica. Aportaranse indicadores de efectividade.

Reciba e máxima puntuación neste apartado.

UNITRONICS

2

Transferencia tecnolóxica

3.2. CRITERIO A2. Equipo de traballo (ata 20 puntos)

Valórase neste apartado o equipo de traballo proposto para a prestación do servizo. Tense en conta tanto o número de persoas implicadas directamente coma o seu perfil en base aos parámetros que establece o prego.

Valórase unicamente persoal técnico para o que se aporta información detallada sobre o seu nivel de dedicación e o seu perfil que permita verificar a súa idoneidade en base ao establecido no prego administrativo para este criterio.

Oferta de Unitronics


A oferta aporta información relativa a este punto no apartado 6. *Equipo de traballo* e, principalmente, nos subapartados 6.1. *Ámbito de responsabilidades* e 6.5 *Características dos perfís*.

Non se trata dunha descrición excesivamente clara e detallada, e ademais non se achega *currículum vitae* detallado dos membros propostos para o equipo de traballo, como ven sendo habitual neste tipo de ofertas.

Propón a presenza dun técnico cualificado nas dependencias do Concello para traballar de xeito conxunto coas "torres de especialización" de sistemas da súa área de servizos xestionados.

Detalla cada un dos perfís que están previstos no equipo de traballo, indicando a porcentaxe de dedicación prevista, o número de recursos cos que conta en cada caso, e as súas características (principalmente certificacións oficiais dos provedores e anos de experiencia).

- Xefe de proxecto: 30% (1 recurso)
- Técnico coordinador: 30% (1 recurso)
- Técnico *on site*: 100% (dedicación exclusiva) (1 recurso)
- Soporte servizos xestionados Microsoft/Citrix: 15% (2 recursos)
- Soporte servizos xestionados Opensource/VMware/Storage: 20% (4 recursos)
- Soporte servizos xestionados Oracle: 40% (3 recursos)



Ainda que a información aportada non permite facer unha valoración moi de detalle, a descrición do equipo de traballo non contradí os requisitos mínimos establecidos no prego (experiencia, certificacións oficiais, etc.), que ademais o provedor se compromete a cumprir. Ademais, o número de recursos declarados é superior aos dous esixidos no prego (1 xefe de proxecto e 1 técnico coordinador).

Por este motivo, reciba a máxima puntuación neste apartado.

UNITRONICS
20
Equipo de traballo

3.3. CRITERIO A3. Control e seguimento dos traballos (ata 5 puntos)

Valórase neste apartado a descrición dos mecanismos de control e seguimento que permitan garantir a correcta prestación do servizo.

Oferta de Unitronics

Establece a realización de informes de seguimento nos que se analicen os distintos indicadores de xestión (KPI).

Propón a creación dun comité de seguimento e un comité de emerxencia. Este segundo incluíría perfís clave que permitan tomar decisións e mobilizar recursos.

Propón reunións de seguimento con periodicidade específica para cada fase (mensuais durante a execución, semanais na devolución), e en todo caso acordada entre ambas partes, nos que se analicen o estado de execución, as desviacións e os riscos, e nas que o provedor fará recomendacións correctoras nestes apartados.

A ferramenta CMU (Cadro de mando Unitronics) descrita previamente neste informe permitiría realizar o seguimento dos indicadores de xestión, entre os que se inclúen os de cumprimento dos acordos de nivel de servizo (SLA).

Recibe a máxima puntuación neste apartado.

UNITRONICS
5

Control e seguimento dos traballos

4. CONCLUSIÓNS E RESULTADOS FINAIS

Na táboa seguinte indícanse as puntuacións acadada en cada apartado e a puntuación total da única oferta avaliada (UNITRONICS):

CRITERIOS	Prego	Unitronics
A1. Características técnicas e plan de traballo	20	20
1. Características técnicas xerais	8	8
2. Metodoloxía e cumprimento de estándares	4	4
3. Ferramentas informáticas de xestión	6	6
4. Transferencia tecnolóxica	2	2
A2. Equipo de traballo	20	20
1. Equipo de traballo	20	20
A3. Control e seguimento dos traballos	5	5
1. Control e seguimento dos traballos	5	5
TOTAL	45	45

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017

O xefe de servizo de Informática

Asdo.: Jesús Rodríguez Castro





Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CON1110HH	Expediente CON/3/2017	

15078DCON1110HH3



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de operación e mantemento da infraestrutura de servidores do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 93.990,62 euros/ano máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 13 de xuño de 2017, ás 9:10 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vogais: D^a. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Jesús Rodríguez Castro, xefe servizo informática
D^a. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á apertura do sobre que contén a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras do único licitador admitido, que ten como resultado o seguinte:

NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVE excluído)
A81356313- UNITRONICS COMUNICACIONES S.A.	61.954'17


Así mesmo, ofrece un incremento de sete horas presenciais diarias sobre o mínimo establecido no prego e unha bolsa de 50 horas anuais para consultoría e formación.

En consecuencia, a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador UNITRONICS COMUNICACIONES SA, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 61.954'17 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe:

Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON1110HH	<i>Expediente</i> CON/3/2017	



ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de operación e mantemento da infraestrutura de servidores do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 93.990,62 euros/ano máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 4 de xullo de 2017, ás 9:35 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vocales:

- D. Jorge Duarte Vázquez, do grupo CA.
- D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
- Dna. Goretti Sanmartin Rey, representante do grupo BNG.
- D. Jesús Rodríguez Castro, xefe servizo informática.
- Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, UNITRONICS COMUNICACIONES SA, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9:38 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

